

POR QUE ALGUNHAS ÁRBORES CONSERVAN AS SÚAS FOLLAS NO INVERNO

Hai moito tempo, nun frondoso bosque, achegábase o inverno. Facía moito frío e os paxaros migrantes marcharon cara ao sur, para quedar alí ata a primavera. Pero un pequeno paxariño de cores quedou atrás: tiña unha á rota e non podía voar. Non sabía que facer. Mirou ao seu ao redor buscando un lugar onde abrigarse e, ao ver as fermosas árbores do enorme bosque pensou:

– Quizais as árbores me acubillen durante o inverno–



Chegou ao lindeiro do bosque. A primeira árbore que atopou foi un maxestuoso chopo branco de follas prateadas.



– Chopo precioso. Déixasme vivir nas túas pólas ata que chegue o bo tempo?


– Ahhh...! Vaia idea! Bastante traballo teño con vixiar as miñas propias ramas. Fóra de aquí!




O pobre paxariño, voando o mellor que puido coa súa á rota, chegou á árbore seguinte. Era un carballo grande e frondoso.

– Carballo, bo carballo, déixasme vivir nas túas ramas ata que chegue o bo tempo?


– Vaia pregunta! Se che deixo vivir nas miñas ramas picotearás todas as miñas landras. Fóra de aquí!





Saltando entre a herba e as follas, porque lle doía moito a á, o paxariño chegou a un gran salgueiro que crecía a beiras do río.

- Precioso salgueiro, déixasme vivir nas túas ramas ata que chegue o bo tempo?
- Non, de ningunha maneira. Eu non acubillo xamais a descoñecidos. Fóra de aquí!




O pobre paxariño non sabía xa a quen dirixirse e empezou a chorar. O abeto viuno e díxolle:

- Onde vas, paxariño?
- Non o sei, as árbores non queren acubillarme e eu non podo voar lonxe coa miña á rota.
- Ven ás miñas pólas, podes escoller a que máis che guste; mira, paréceme que neste lado se está máis quente.
- Moitas grazas, pero poderei quedarme todo o inverno?
- Claro! Así farasme compañía.




O piñeiro estaba moi preto do seu primo o abeto,
e cando viu ao paxariño que brincaba e voaba
contento sobre as pólas do abeto, díxolle:

– As miñas ramas non son frondosas, pero poden
protexer do vento ao abeto, porque son grande e
forte.




Cando se decatou o xenebreiro tamén quixo axudar:

– Son baixiño e as miñas ramas non son cómodas, pero teño moitas bagas que podes comer durante todo o inverno - dixo. As súas pólas estaban cubertas de zumentas bagas negras, e as bagas do xenebreiro son un gran alimento para os paxaros.




O paxariño estaba moi contento na súa casa, tan quente e ben abrigada, e todos os días ía comer ás pólas do xenebreiro.



As outras tres árbores quedaron falando nun curruncho do bosque:

- Eu non acollería a un paxaro que non coñezo – dixo o álamo.
- Eu non me arriscaría a perder as miñas landras – dixo o carballo.
- Non me gustan os estraños – dixo o salgueiro.

E o tres miraron de esguello ao paxaro e aos seus novos amigos.




Aquela noite o vento do norte pasou polo bosque. O vento do norte era moi frío: sopraba sobre as árbores co seu alento xeadado e folla que tocaba, folla que caía. Quería tocar todas as follas porque ao vento do norte gústalle facer voar as follas e ver as árbores espidas.

– Podo xogar con todas as árbores? – preguntou o vento do norte ao seu pai, o Rei da Xeada.


– Non, – dixo o Rei – as árbores que foron boas co paxariño poden conservar as súas follas.





E o vento do norte deixounos en paz e o piñeiro, o abeto e o xenebreiro puideron protexer e coidar ao paxariño ata que volveu a súa familia na primavera. Conservaron as súas follas todo o inverno ata que brotaron as novas. E desde entón, sempre foi así.

Fin





Desenho



Edición:
UNICEF Comité Español, 2016
www.unicef.es/educa

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enrédate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



cooperación
española

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.